

Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Folgoso do Courel, a 28 de outubro de 2016.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa

R. 3276

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello na sesión extraordinaria celebrada o 26 de outubro de 2016, prestou aprobación á modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, no referente á bonificación a aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias e gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal, por circunstancias que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias e gandeiras.

O que se somete ao trámite de información pública, durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No devandito prazo os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Sr. Alcalde. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol a 26 de outubro de 2016.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3245

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13 de outubro de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a **CONTRATACIÓN DA OBRA DE REXENERACIÓN DE FIRME EN ESTRADAS DO CONCELLO DE LUGO. (Ref. Exp. 41/2015)**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** a realización da obra de REXENERACIÓN DE FIRME EN ESTRADAS DOS CONCELLO DE LUGO conforme o proxecto elaborado polo Servizo Municipal de Enxeñería.

b) **Prazo de execución:** O prazo máximo de execución das obras é de SEIS SEMANAS contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo de cada obra.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimientto:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O prezo do contrato é de 153.600,35 euros, mais o 21% de IVE (32.256,07 euros o que resulta un prezo total de licitación de 185.856,42 euros IVE incluído.

5.- Garantías:

a) **definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Obrigas contractuais esenciais. Condicións esenciais e especiais de execución.

Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución recollidas nas cláusulas décimo septima (art. 228 bis TRLCSP) e décimo oitava (art. 223 do TRLCSP) do prego de cláusulas administrativas particulares.

9.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 26 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 3 meses.

10.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

12.- Gastos dos anuncios: 71,76 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 20 de outubro de 2016.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 16005312) Ana Prieto Nieto

R. 3229

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2016, adoptou os acordos cuxa parte resolutiva se publica integramente para xeral coñecemento:

9/163 PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DONA MARTA LÓPEZ PEÑA CONTRA O ACORDO DO EXCMO. CONCELLO PLENO NÚMERO 7/122, ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2016.

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente o recurso presentado por DONA MARTA LÓPEZ PEÑA en relación ao acordo adoptado polo Pleno o 30 de xuño de 2016, quedando redactado como segue na parte do acordo ao que afecta a reclamación:

“Sendo preciso a concreción das funcións que permitan a determinación dos obxectivos marcados e a avaliación dos resultados obtidos, estas son:

- a. O estudo, informe e proposta de medidas relativas ao ordenamento xurídico da Función Pública (regulamentos e convenios en materia de persoal) así como a elaboración de estudos, proxectos e directrices en materia de xestión do persoal (instrucións e circulares internas en materia de persoal)
- b. As relacións coas Organizacións Sindicais. A participación, coordinación, avaliación e seguimento das propostas relativas a acordos e convenios do persoal funcionario e laboral ao servizo da Administración, a coordinación e apoio dos procesos electorais de órganos de representación e as que teña atribuídas en materia de saúde laboral.